L'ENVOL

[Pietro Marcello, 2022, Francia, 100 min., VOSE]

Lingua **Francés**
Dirección **Pietro Marcello**
Guión **Pietro Marcello, Maurizio Braucci, Maud Ameline, Geneviève Brisac, sobre a novela *O veleiro vermello*, de Alexander Grin**
Montaxe **Carole Le Page, Andrea Maguolo**
Fotografía **Marco Graziaplena**
Elenco **Juliette Jouan, Louis Garrel, Noémie Lvovsky, Raphaël Thierry, Yolande Moreau**
Música **Gabriel Yared**
Produción **CG Cinéma, Match Factory Productions, RAI Cinema, Arte France Cinéma, Avventurosa, Zweites Deutsches Fernsehen**
Distribución **Avalon**
Galardóns **Mellor Direcrtor (Festival de Sevilla 2020)**
Quincena dos Realizadores (Cannes 2020)

Juliette medra co seu pai Raphaël nalgún lugar do norte de Francia. El é un veterano da Primeira Guerra Mundial que traballa a madeira con enorme talento. Ela, apaixonada polo canto e a música, coñece un verán unha feiticeira que lle promete que, algún día, verá no ceo unhas velas escarlata que a sacarán da súa vila.

OUTUBRO: PIETRO MARCELLO, ABBAS KIAROSTAMI, ALICE ROHRWACHER

Todas as sesións ás 20.30 h, en VOSE

Martes 17
LE MERAVIGLIE (Alice Rohrwacher, 2014)

Luns 23
TEN (Abbas Kiarostami, 2002)

Martes 24
LAZZARO FELICE (Alice Rohrwacher, 2018)

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

cineclubepontevedra.blogspot.com.es

cineclubepontevedra

CineclubePo

Coa colaboración de:

Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

FS #192
3.10.2023

L'ENVOL

PIETRO MARCELLO

CINECLUBE PONTEVEDRA

ENTREVISTA A PIETRO MARCELLO

Que lle fixo pensar que na novela *O veleiro vermello*, do soviético Aleksandr Grin, había un filme por facer? Nunca pensara en adaptala. Foron o meu produtor, Charles Gillibert, e o seu colaborador, Romain Blondeaus, os que me propuxeron a súa lectura. Aleksandr Grin é autor de novelas de aventuras, naceu a finais do século XIX. Uniuse ao socialismo revolucionario e comezou a súa carreira literaria trala revolución de 1905. Foi detido moitas veces pola súa actividade política. As súas obras máis importantes foron publicadas trala Revolución de Outubro. Malia o seu éxito, o ton antimilitarista e romántico dos seus libros non lles conviña aos novos tempos, e os editores deixaron de publicalos. Morreu na pobreza máis absoluta. O que me interesou da novela nun primeiro momento foi a relación entre pai e filla. O lazo que se crea entre eles apaixonoume. Houbo outro elemento da novela que me impresionou: a estraña familia ampliada que acolle ao pai trala morte da súa muller. Pareceume dunha gran modernidade. Encerraba o potencial para crear unha pequena comunidade matriarcal marxinada.

Poderiamos falar dun filme feminista? A maior parte dos meus filmes anteriores eran masculinos. As referencias en *Martin Eden* son o sindicalista sueco Stig Dagerman e o anarquista napolitano Enrico Malatesta. *L'Envol*, en cambio, conclúe cun poema de Louise Michel, muller participante da Comuna. É certo que nos movemos sempre no terreo do anarquismo, pero entre un filme e outro hai un desprazamento do punto de vista do masculino ao feminino. Agora que *L'Envol* está rematada, e que a vexo en calidade de espectador, son o primeiro sorprendido ao comprobar esta evolución na miña traxectoria. Isto é polo que fago filmes: para evolucionar, mudar, probar novos camiños. *L'Envol* por unha banda lévanos ao pasado, pero tamén pode ser visto como un filme antipatriarcal de gran modernidade.

A gran descuberta do filme é Juliette Jouan, a actriz que interpreta a Juliette na idade adulta. Juliette Jouan foi, efectivamente, un encontro inesperado. Fixen centos de probas por toda Francia antes de dar con ela. Propuxéronme moitas actrices, coñecidas e descoñecidas. Pero ela impresionoume. Namorei dela, cinematograficamente falando. Sabe cantar, escribir, encerra unha enorme forza. Contribuíu moito á construción da personaxe. Foi ela quen adaptou musicalmente o poema "A andoriña", algo que non estaba previsto no guión. Grazas a Juliette, este poema converteuse na canción que acompaña os títulos de crédito do filme.

Como nos seus anteriores filmes, atopamos en *L'Envol* imaxes de arquivo integradas na narración. As que aparecen ao principio, montadas en paralelo co regreso de Joseph á vila, son unhas imaxes preciosas do día do Armisticio na baía do Somme. Así que avanza o filme hai uns planos extraídos de *Au Bonheur des Dammes* (Julien Duvivier, 1930). É a secuencia en que Raphäel e Juliette van á cidade a vender xoguetes. Pero non é un filme rico en imaxes de arquivo. Estas imaxes, sobre todo as de Duvivier, son necesarias, porque hoxe é imposible reconstruír o decorado dunha cidade no período de entreguerras. É moi complexo e moi caro. Paga a pena gastar millóns para realizar dous ou tres planos? Supoñamos que tivésemos os cartos para facelo, sería eticamente responsable se podo conseguir a mesma emoción, mesmo unha maior, con imaxes que xa existen?

Do realismo campesiño pasamos a un ton lixeiro, próximo ás veces á comedia musical. E a posta en escena acompaña este traxecto: da cámara ao ombro a moitos planos que evocan o cinema de Demy. Os meus actores tiñan gana de cantar e dixen: por que non? Sempre me apaixonou o cine de Demy. *Os paraugas de Chesburgo* e *Une chambre en ville* son filmes de aparencia sofisticada, pero para min agochan unha esencia popular. Demy conseguiu levar ao cine a opereta italiana. Os seus filmes sempre resultan de carácter popular. Non teño modelos cinematográficos, gústame Demy igual ca outros directores. O que me fascina é o método.

A música do filme foi composta polo oscarizado Gabriel Yared. É a primeira vez que traballa cun compositor. A experiencia con Gabriel Yared foi completamente nova e de grande importancia para o filme. É un gran compositor contemporáneo de quen aprendín moito. É importante para min traballar con persoas coas que consigo establecer unha relación de estima e amizade. Neste filme sucedeu con frecuencia. A colaboración con Marco Graziaplena, o director de foto, a quen tanto aprecio desde hai anos, foi unha xoia. O filme non sería o mesmo sen a montadora, Carole Le Page, o seu espírito cartesiano foi fundamental para concluír a montaxe de *L'Envol*. Teño unha gran paixón polo artesanado cinematográfico. Colecciono todo tipo de material. Sei revelar un filme e sei elaborar os químico precisos para o facer. Podería acadar unha especie de autarquía produtiva e facelo todo eu só. Pero sinto un pracer moito maior traballando en comunidade nun filme onde cadaquén achega algo. Como dicía Renoir, o cine haino que facer con amigos. É posible facelo así aínda hoxe? Se cadra si, se cadra non. O mundo muda e temos que adaptarnos a el. Hai que aprender a dicir non e a tomar distancia cun sistema que se deshumaniza cada vez máis.

Recollido do pressbook de Avalon.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.